

POR FIN FAISE XUSTIZA O PROFESORADO INTERINO VAI COBRAR OS TRIENIOS CON EFECTOS DO 14 DE MAIO.

Como sabedes, a **CIG-Ensino** viña mobilizándose en defensa do cobro de trienios e sexenios dos/das interinos/as e, neste sentido, durante a negociación do Estatuto Básico do Empregado Público, a CIG presentou unha emenda neste sentido ao Deputado do BNG, Francisco Rodríguez, membro da Ponencia que estaba a elaborar esta lei, que a defendeu na Comisión redactora. Finalmente a emenda foi transaccionada para quedar como definitivamente se recolle na lei 7/2007, de 12 de abril, no seu artigo 25. Así, por fin, grazas á nosa proposta, o profesorado interino comezará a percibir os trienios que teña consolidados:

Artigo 25. Retribucións dos funcionarios interinos.

2. Recoñeceranse os trienios correspondentes aos servizos prestados antes da entrada en vigor do presente Estatuto que terán efectos retributivos unicamente a partir da entrada en vigor do mesmo.

Por este motivo, a **CIG-Ensino** xa se dirixiu ao Presidente da Mesa Sectorial para demandarlle que dea cumprimento ao recollido no artigo 25 da Lei 7/2007, que entrará en vigor o vindeiro mes de maio.

A **CIG-Ensino** exixirá que Educación actúe de oficio e realice estas retribucións con efectos económicos inmediatos. A continuación reproducimos o escrito presentado:

Despois de que o pasado 13 de abril se publicase no BOE a Lei 7/2007, de 12 de abril, de Estatuto Básico do Empregado Público, lei que entrará en vigor o vindeiro 13 de maio, e dado que nesta nova lei se recolle, no seu **artigo 25.2**, que desde a súa entrada en vigor o profesorado interino comezará a percibir os trienios que lle correspondan, en virtude dos servizos prestados até ese momento, a **CIG-Ensino** demanda da Consellaría a **aplicación inmediata e de oficio deste artigo a todo o profesorado que reúna a antigüidade suficiente, cos efectos económicos do 14 de maio.**

NOTA: Aínda que agardamos que o pagamento se faga de oficio, temos un modelo de solicitude colgado na nosa páxina para as persoas que desexen presentalo por escrito.

Os nosos locais

15706. Santiago. ☎ Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10 ☎ 981576800 fax. 981575839 santiago@cig-ensino.com

15007. A Coruña

☎ Alfonso Molina s/n
☎ 981169810 fax. 981291735

Acorunha@cig-ensino.com

36780. A Guarda

☎ Praza da Guía 3, baixo
☎ 986610465 fax. 986610465

baixominho@cig-ensino.com

36947. Cangas

☎ Atranco 19A, ench. 1
☎ 986302987 fax. 986302987
morrazo@cig-ensino.com

15403. Ferrol

☎ Eduardo Pondal 41-43,
☎ 981358750 fax. 981358760

ferrol@cig-ensino.com

27003. Lugo

☎ Rda da Muralla 58, bxo.
☎ 982245023 fax. 982253891

lugo@cig-ensino.com

32003. Ourense

☎ P. de San Lázaro 12, 4ºD
☎ 988238350 fax. 988222855
ourense@cig-ensino.com

36002. Pontevedra

☎ Pasantería 1, 2ºesq.
☎ 986861513 fax. 986855050

pontevedra@cig-ensino.com

27700. Ribadeo

☎ Avda de Galicia 20, 1º
☎ 982129593 fax. 982129593

amarinha@cig-ensino.com

32600. Verín

☎ Pedro Gonzalez 5, 1º
☎ 988412345 fax. 988411013
verin@cig-ensino.com

36205. Vigo

☎ Gregorio Espino 47, bxo.
☎ 986827935 fax. 986262844

vigo@cig-ensino.com

36600. Vilagarcía

☎ Alexandre Bóveda 2, 2º
☎ 986505323 fax. 986505323

salnes@cig-ensino.com

27850. Viveiro

☎ García Dóriga s/n
☎ 982561541 fax. 982551985